

ANEXO XV

Ámbito territorial do PDR 2014-2020

Nos termos recollidos no apartado 8.1 do Programa de Desenvolvemento Rural e na instrución da autoridade de xestión do PDR "AX01 2014_2020", a delimitación de zona rural establécese tendo en conta a clasificación proposta pola Comisión, denominada «grao de urbanización», que toma como unidade de referencia LAU2 (municipios) e na cal se definen tres categorías:

- a) Zonas densamente poboadas (código 1): aquelas cunha densidade de poboación igual ou superior a 1.500 habitantes por km² e unha poboación mínima de 50.000 persoas.
- b) Zonas de densidade intermedia (código 2): aquelas nas que menos do 50 % da poboación vive nas cuadrículas rurais (onde as cuadrículas nas zonas rurais son as que están fóra das agrupacións urbanas) e menos do 50 % vive en altos grupos de densidade.
- c) Zonas de baixa densidade (código 3): aquelas nas que máis do 50 % da poboación vive nas cuadrículas rurais. Os LAU2 cunha poboación inferior a 5.000 habitantes e co 90 % ou máis da súa área nas cuadrículas rurais foron reclasificados como rurais.

A definición das zonas rurais realízase por eliminación daquelas zonas consideradas densamente poboadas (urbanas) nun territorio. No caso de Galicia, só teñen esa consideración os sete concellos dos núcleos de poboación máis grandes da Comunidade Autónoma (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela).

A autoridade de xestión, xunto co Instituto Galego de Estatística, perfila as cuadrículas de estudo (1 km²) dentro de cada unha das zonas urbanas a nivel parroquia. Neste sentido, as parroquias definidas como rurais ou intermedias de todos os concellos de Galicia poden ser admisibles para os efectos do financiamento de proxectos a través do PDR 2014_2020 e cofinanciados co fondo Feader. Por conseguinte, considéranse non admisibles, aquelas parroquias que están en concellos non urbanos pero si teñen parroquias que teñen esta característica (ZDP).

Porén, a través do PDR de Galicia poderanse considerar elixibles actuacións en parroquias ZDP, previo informe da autoridade de xestión a petición da Axencia Galega da Industria Forestal, que deberá motivar a excepción proposta, a súa contribución aos obxectivos do Programa e ás prioridades de desenvolvemento rural.

Xúntanse accesos ás táboas publicadas polo IGE para cada unha das provincias, co detalle do grao de urbanización de cada concello e das súas parroquias.

A Coruña:

[http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8050&R=0\[all\]&C=1\[all\]&F=&S=&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8050&R=0[all]&C=1[all]&F=&S=&SCF=)

Lugo:

[http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8051&R=0\[all\]&C=1\[all\]&F=&S=&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8051&R=0[all]&C=1[all]&F=&S=&SCF=)

Ourense:

<http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=80>

52&R=0[all]&C=1[all]&F=&S=&SCF=

Pontevedra:

<http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=80>

53&R=0[all]&C=1[all]&F=&S=&SCF=